

ACTIVIDADE 1: Contextualice este poema na época correspondente. Destaque e analice dúas características do poema que permitan situar a súa autoría nas novas tendencias deste xénero. Engada o nome doutras dúas voces poéticas representativas desta época e un poemario de cada unha (**Ext. 250 palabras**)

Manuel Rivas. *Costa da Morte blues*. 1994

"Red rose, Proud rose, Sad rose".

Coñecín algúns homes que levaron a bandeira vermella
cando era pecado e fermosa
como baga de acevro.
Eu mesmo tiveron unha nas mans,
unha bandeira vermella,
cando era pecado e fermosa
como o bico dunha cegoña.
Oín dicir que hai homes en Calcuta e Soweto
que aínda levan bandeiras vermellas,
fermosas como camelias nos dentes.
Pero eu hoxe non quería falarvos
da orgullosa, vermella e triste bandeira
que quentou as mans dos que estaban debaixo,
pecado e fermosa como lapa do carbón.
Só quería falar
da baga do acevro,
do bico da cegoña,
da camelia entre os dentes,
da lapa do carbón,
e da orgullosa, vermella e triste rosa de Yeats

ACTIVIDADE 2: Contextualice este poema na época correspondente. Destaque e analice dúas características do poema que permitan situar a súa autoría nas novas tendencias deste xénero. Engada o nome doutras dúas voces poéticas representativas desta época e un poemario de cada unha (**Ext. 250 palabras**)

Darío Xohán Cabana. *Canta de cerca a morte*, 1994

Non morrerei na casa en que nacín,
nin talvez na parroquia, e outra lousa
conxelará o meu nome sobre min
lonxe do sitio onde meu pai repousa.

Non cantarán para min as rumorosas
carballeiras da infancia (se aínda quedan),
nin aquel vento gastará as piadosas
letras que contra o olvido me concedan.

Quen saberá daquela onde estou eu,
se esta cadea non se continúa
que prende un home á terra en que naceu
e onde é xa terra tanta xente súa?

Onde estarán os netos dos meus fillos
cando o meu corpo críe xa pampillos?

ACTIVIDADE 3: Contextualice este poema na época correspondente. Destaque e analice tres características do poema que permitan situar a súa autoría nas novas tendencias deste xénero. Engada o nome doutras dúas voces poéticas representativas desta época e un poemario de cada unha (**Ext. 250 palabras**)

Miro Villar. *Equinoccio de primavera*. 1998

“Negación de Ulises e Teseo”

Se algunha vez tiveses que agardar entre fio
e tecido, non sexas Penélope que tece
e destece os bordados axiña que anoitece.
Ulises non existe, foi verso fuxidío.
Se algunha vez tiveses que agardar entre fio
e tecido, non sexas Ariadna que ofrece
saír do labirinto mortal a quen a esquece.
Teseo non existe, só queda o desafío.
Se algunha vez debo partir como Odiseo,

prefiro voltar sempre vencido a Compostela.
Non me importa a derrota se ti me identificas.
Se algunha vez eu debo marchar como Teseo,
non ha ser Artemisa fluxo do meu Sarela.
Non me importa ser lama se ti me purificas.

ACTIVIDADE 4: Contextualice este fragmento na época correspondente. Destaque e analice tres características do texto que permitan situar a súa autoría nas novas tendencias deste xénero. Engada o nome doutras dúas voces narrativas representativas desta época e unha obra de cada unha (**Ext. 250 palabras aprox**)

¿Que tes Xulián?

Merda... tío, Cloe.

Xulián, carallo, pero ¿que pasa?

O Xulián estaba pálido, non movía os ollos, e unha ringleira de cuspe empezou a pingarlle polo labio. Estaba teso. Caeu primeiro sobre o xeonllo esquerdo, e despois coma se fose un monicreque caeu o resto do corpo dlando coa cabeza contra o gardabarros dun todoterreo. Achegueime a el, púxenlle a man no peito, e sentín os derracleiros latexos PUMPUM, PUM, PUMPUM... O tipo estaba fiambre. Era a primeira vez que tiña entre as mans. As pernas empezáronme a tremer, e tiña ganas de vomitar. Sentín de súpeto todo que levaba no corpo e quería chorar. [...]

Collín un taxi do que saían catro guiris, e pedinlle ó taxista que me levase a casa [...].

Chegamos a casa, ó taxista, e cando o vin marchar empecei o xa previsto baile de dedos e chaves que caían e non entraban na pechadura. Subín as esqueiras tropezando nas paredes, entrei na casa e fun ao cuarto de Pili. Estaba deitada na cama lendo un cómic, senteime na cadeira, dobrei o corpo para adiante, a cabeza entre as mans e empecei a chorar.

¿Qué pasa, Luki?

(A escoller polo lector)

-Abrázame.

-Prepárame un colacao ben cargado.

-A vida é unha puta.

- ¿Tes algunha botella?

Roque Morteiro: *Seis cordas e un corazón* (1989)

ACTIVIDADE 5: Contextualiza o fragmento do poema de Luís Seoane. Explica catro características que permitan identificalo dentro da literatura de exilio deste autor. Indica a obra poética doutro autor desta época, a obra teatral doutro e explica a obra narrativa doutro.

Apiñoados polas rúas, nos subterráneos, da cor
lourida dos ósos, amarelo máis ben das caveiras,
axúntanse uns cos outros, empezándose, por mor
da puntualidade no emprego. Sempre ás carreiras
nestas cibdades comerciais, patrias da cubiza, sen amor.

Eiquí viñemos todos ó acaso, vivindo esgazados
das costumes coñecidas, do acento común, da canción
labrada polos avoengos i o tempo. Vivindo mudados
nunha xeografía difrente, polos negocios, a corrución,
que da terra de orixen farannos cicais pra sempre
[desleigados.

Luís Seoane, *Fardel de eisiliado* (1952)

ACTIVIDADE 6: Contextualiza o texto teatral *¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!* (1996) que aparece na aula virtual. Explica tres características que nos permitan situala na época correspondente. Achega tamén outros tres autores teatrais da época e dúas das súas obras.